

Resolución Reitoral do 17 de xullo de 2012 pola que se abre a 2º convocatoria de Bolsas de Máster de Campus do Mar, destinadas a estudiantes que se matriculen en másteres nas universidades do Sistema Universitario de Galicia durante o curso 2012-2013



2º CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MÁSTER CAMPUS DO MAR

Sendo seleccionado polo Ministerio de Educación na convocatoria de 2010 o proxecto Campus do Mar “Knowledge in depth” para obter a cualificación Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional “CEIR”, do que a Universidade de Vigo é a entidade coordinadora, e co obxecto de formar a futuros investigadores nos ámbitos mariños e marítimos, esta Reitoría

RESOLVE:

Publicar unha convocatoria de Bolsas de Máster Campus do Mar, destinada a alumnos nacionais e estrangeiros que cursen un máster nalgúnha das universidades do Sistema Universitario Galego promotoras do Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar”, de conformidade coas bases da convocatoria expostas a continuación.

Contra esta Resolución de convocatoria, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante o(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

NOTA: Dílixencia para facer constar que este acordo públicase nos taboleiros de anuncios do Rrexistro do Campus de Vigo desta Universidade con data 17 de xullo de 2012

Xefa da Secretaría do Reitor

Carmen Estévez

Vigo, 17 de xullo de 2012

O REITOR



BOLSAS DE MÁSTER CAMPUS DO MAR

BASES DA CONVOCATORIA

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Campus do Mar define como un dos instrumentos centrais no proceso de transformación en Campus de Excelencia Internacional conseguir a maior calidade na formación de Posgrao tanto no máster como no doutoramento. Na actualidade nas universidades que conforman o Campus do Mar existen másteres que centran os seus obxectivos no medio mariño e nas actividades que nel se desenvolven. Existen ademais outros másteres que, aínda non directamente relacionados co mar, sé inclúen materias que abordan aspectos diversos estreitamente vincellados ao medio mariño e marítimo no ámbito tecnolóxico, xurídico social, das humanidades ou científico.

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar aos/as estudiantes que realicen un máster impartido en calquera das tres universidades galegas promotoras do Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar”, e que en función da súa capacitación e formación poidan converterse en novos investigadores e investigadoras nos diferentes ámbitos da investigación mariña e marítima.

Para isto convócanse un máximo de 10 bolsas para estudiantes que realicen un máster por primeira vez. Destas dez axudas, 7 serán para estudiantes nacionais dos estados membros da Unión Europea e 3 serán para estudiantes extracomunitarios aínda que de non existir candidatos adecuados nun dos grupos, as bolsas non cubertas pasarán ao outro grupo.

Ademais convócanse un máximo de 7 bolsas para aqueles estudiantes que, habendo gozado durante o curso 2011-2012 dunha bolsa de Campus do Mar, continúen os seus estudos cursando o segundo ano dun máster cunha carga lectiva de 90 ECTS.

2. CONTÍA E PERÍODO DE DISFRUTE

A bolsa financiará o custe da matrícula do máster (ata un máximo de 1800 € no caso de másteres científicos e tecnolóxicos e de 1200 € nos dos ámbitos de humanidades e xurídico-sociais) e una dotación mensual de 750 € mensuais durante o período de goce da bolsa.

No caso de aqueles bolseiros que non dispoñan de cobertura médica en España, a bolsa incrementarase nunha cantidade de 800 a 1000 € anuais dependendo da nacionalidade e da idade do solicitante destinados á contratación do correspondente seguro médico (non farmacéutico) en beneficio do bolseiro ou bolseira.

O período de goce será do 1 de setembro de 2012 ao 31 de xullo de 2013, considerándose non obstante, causa legal e suficiente para a rescisión da bolsa a anulación da matrícula por parte do bolseiro ou bolseira.

Para os estudiantes que, gozaran durante o curso 2011-2012 dunha bolsa de Campus do Mar, continúen os seus estudos cursando o segundo ano dun máster cunha carga lectiva de 90 ECTS o período de goce será do 1 de setembro de 2012 ao 31 de decembro de 2012 (4 meses), considerándose non obstante, causa legal e suficiente para a rescisión da beca a anulación da matrícula por parte do beneficiario. Neste suposto a bolsa financiará o custo da matrícula do máster ata un máximo de 900 € no caso de másteres científicos e tecnolóxicos e de 600 € nos ámbitos de humanidades e xurídico-sociais, e unha dotación de 750 € mensuais. No caso de aqueles bolseiros que non dispoñan de cobertura médica en España, a bolsa incrementarase nunha cantidade de ata un máximo de 400 €, destinados á contratación do correspondente seguro médico (non farmacéutico) en beneficio do bolseiro.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado polo beneficiario/a (“compromiso do estudiante/bolseiro”) no que se compromete a cumplir tódalas condicións recollidas nas presentes bases, e iniciaránse entón os trámites para proceder aos correspondentes pagamentos, previa tramitación da credencial e bolseiro. No caso de que se presentase na solicitude da bolsa o compromiso de matrícula nun máster, é obligatorio presentar o resgado de matrícula para poder ser beneficiario da axuda, en caso de non presentalo se perderá a bolsa.

Estas axudas finanziaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 2012 0000 131HCEX 482.99 e 2013 0000 131HCEX 482.99 do Campus do Mar por unha contía total máxima de 133.000 €.

3. REQUISITOS DOS E DAS SOLICITANTES

Os/as solicitantes das bolsas, que non gozaran da bolsa de máster de Campus do Mar no curso 2011-12 deberán cumplir los seguintes requisitos:

- Estudiantes de calquera nacionalidade que sexan admitidos nun máster das universidades de Vigo, Santiago ou A Coruña (de acordo cos convenios marco de colaboración para a xestión económica do préstamo ao Campus de Excelencia Internacional entre UVigo e USC e UDC de data 1 de xullo e 24 de xuño de 2011, respectivamente). En caso de que as listas de admitidos e excluídos dos másteres non foran publicadas no momento do peche desta convocatoria, compromiso de matrícula nun máster do sistema universitario galego certificado pola universidade pertinente.
- A data de fin dos estudios que deron acceso aos estudios de máster debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2009, agás nos casos detallados deseguido, nos que debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2006.
 - As mulleres que acrediten terse adicado á atención e coidado dos fillos menores de cinco anos entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 1 de xaneiro de 2012.
 - Os titulados en Medicina, Farmacia, Bioloxía, Química ou Psicoloxía, que no momento de solicitar a bolsa estean en posesión do título oficial da Especialidade Médica (MIR) ou Farmacéutica (FIR) ou que contén co certificado oficial da Especialidade en Bioloxía (BIR) Química (QUIR) ou Psicoloxía (PIR).

- A temática do traballo de fin de máster deberá estar centrado no ámbito mariño ou marítimo e, en particular, nas temáticas definidas no proxecto de conversión en Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” que pódese consultar en www.campusdomar.es.

Os solicitantes das bolsas de segundo ano de máster, que gozaran da bolsa durante o curso 2011-2012 deberán cumplir os seguintes requisitos:

- Formalizar a súa matrícula no segundo curso do máster.
- Ter superadas todas as materias do primeiro curso do máster.
- A temática do traballo de fin de máster deberá estar centrado no ámbito mariño ou marítimo e, en particular, nas temáticas definidas no proxecto de conversión en Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” que pódese consultar en www.campusdomar.es.

4. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, en **modelo normalizado publicado como Anexo I deste documento**, presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto na Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (artigo 38.4). As solicitudes presentaranse en calquera dos idiomas oficiais de Campus do Mar (galego, castelán, portugués e inglés).

As solicitudes dirixiranse ao Reitor da Universidade de Vigo como órgano convocante (para calquera dúbida ou aclaración dirixirse a Campus do Mar, Universidade de Vigo, Praza Miralles, Campus Lagoas-Marcosende, 36310, Vigo, España, email: campumar@uvigo.es, tlfn.: (0034)986130000) xunto coa seguinte documentación:

Para os solicitantes que non gozaran dunha Bolsa de Máster Campus do Mar durante o curso 2011-12:

- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente para os nacionais dos Estados membros da Unión Europea. Copia do pasaporte para o resto de solicitantes.
- Fotocopia compulsada do título académico que de acceso ao máster, ou do resgado de pagamento das taxas para a expedición do mesmo.
- Certificado de admisión, impreso de matrícula ou compromiso de ingreso do solicitante nun máster dalgunha das universidades do sistema universitario galego.
- Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de máster na que figuren as cualificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico do/a solicitante. No caso de estudos validados, deberase presentar tamén a certificación académica, de idénticas características, para os estudios de orixe.
- Nota media da titulación no centro no que o estudiante cursou os seus estudos.

- Un breve resumen (máximo 150 palabras) no que se recollan os obxectivos do traballo de fin de máster que se pretende realizar. Este documento deberá estar asinado polo solicitante e polo coordinador/a do máster.

Para solicitantes que realizaron os seus estudos en España:

- Os/as que acceden ao 2º ciclo dunha titulación a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgúnha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Para solicitantes que realizaron os seus estudos fora de España:

- Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán achegar, se é o caso, as oportunas táboas de equivalencias oficiais das cualificacións, certificadas pola autoridade de xestión homologada a nivel nacional (Ministerio ou axencia executiva estatal).

Para los solicitantes das bolsas de segundo ano de máster, que gozaran da bolsa durante o curso 2011-2012:

- Impreso de matrícula correspondente ao segundo curso do máster.
- Certificación académica detallada na que figuren as calificacións obtidas en cada materia correspondente ao primeiro curso do máster cursado (orixinal ou fotocopia compulsada).

Unha vez recibidas as solicitudes e revisada a documentación presentada, publicarase unha lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas, indicándose a/s causa/s de exclusión, e darase un período de 10 días naturais para subsanar errores. Transcorrido ese prazo publicarase o listado definitivo de solicitudes admitidas/excluídas.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o **6 de Agosto de 2012**.

6. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A avaliación e selección dos candidatos será efectuada pola Comisión Executiva de Docencia e Captación de Talento, presidida pola Directora da Área de Docencia e Captación de Talento do Campus do Mar. Esta comisión arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas, tomando como base os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico do solicitante ponderada pola nota media da titulación (ata un máximo de 85 puntos)

- No caso de titulacións de segundo ciclo, báremaranse os expedientes tomando a nota media do primeiro ciclo para ese ciclo e a media do segundo ciclo para ese ciclo.
 - En caso de empate, terase en conta: 1º media do expediente académico, 2º menor número de suspensos, 3º maior número de matrículas de honra.
 - No caso de que o solicitante non presente a nota media da súa titulación, a nota media do seu expediente académico ponderarase pola nota media da mesma titulación do Sistema Universitario Gallego (SUG). De non haber dicha titulación no SUG a ponderación farase coa nota media da titulación mais afín, criterio que decidirá a Comisión de Avaliación destas bolsas.
- Adecuación da proposta de proxecto de fin de máster ao Plan de Conversión en Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” (www.campusdomar.es) (ata un máximo de 15 puntos).

A comisión de selección fará pública unha Resolución reitoral de concesión provisional das bolsas. Establécese un prazo de reclamacións de 5 días hábiles, a contar a partir do día seguinte á data de publicación desta resolución. Estas reclamacións serán presentadas en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto na Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (artigo 38.4). Transcorrido este prazo publicarase a resolución reitoral coa adxudicación definitiva das axudas e coa lista de suplentes.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á sua publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que ditou, neste caso non cabrá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. CONDICIÓNNS DE DISFRUTE DA BOLSA E OBRIGAS DOS/AS BOLSEIROS/AS

- a) O goce desta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos ou privados españoles ou comunitarios para o mesmo fin así como con otros soldos, salarios ou contraprestacións dinerarias. Estas bolsas non establecen relación contractual coa Universidade de Vigo, nin supoñen compromiso de futura incorporación á mesma.
- b) No momento da aceptación da bolsa, os bolseiros deben acreditar estar matriculados a tempo completo nun máster do Sistema Universitario de Galicia.
- c) Os bolseiros que, non dispoñendo de cobertura médica en España, houbéransen beneficiado da dotación adicional para a contratación do seguro médico, deberán acreditar a contratación do mesmo.

- d) Os bolseiros están obligados a comunicar á Dirección do Campus do Mar, se é o caso, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que a determine. Se a renuncia prodúcese pasado o período de goce superior a 5 meses, e o beneficiario segue cursando o máster no que estaba matriculado, terá que presentar no Campus do Mar igualmente o traballo de fin de máster realizado seguindo as indicacións do apartado f).
- e) Cando un bolseiro cese, será substituído por un dos suplentes, sempre que reste un período de goce igual ou superior a 5 meses e que o suplente curse nese momento estudos de máster nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia e reúna os requisitos desta convocatoria. Neste caso o sustituto recibirá exclusivamente a dotación mensual da bolsa e, de ser necesario, o seguro de enfermidade.
- f) O bolseiro deberá remitir á Dirección do Campus do Mar o traballo fin de máster presentado ante o tribunal avaliador do máster e un xustificante firmado polo secretario do tribunal avaliador no que se indique a calificación. No caso de que o proxecto de fin de máster non poda ser presentado ao finalizar o período de goce da bolsa porque o máster teña unha duración maior de 60 ECTS, terá que ser comunicado á Dirección do Campus do Mar xunto coa data probable de presentación do mesmo.

O incumprimento de calquera das condicións de goce da bolsa detalladas nesta convocatoria levará asociado o inicio do proceso e trámite para a revocación da bolsa, procedéndose a reclamar de oficio o importe total da axuda.

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato/a que os seus datos van formar parte dun ficheiro cuxo responsable é a Universidade de Vigo. Os seus datos serán tratados para a finalidade de incorporalos ao proceso de selección desta convocatoria e outras convocatorias con fins semellantes. O/a candidato/a poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude con copia do seu NIF ou pasaporte ao Campus do Mar. Atendendo ao artigo 14.2 do R.D. 1720/2007, infórmase que, se no prazo de 30 días o/a candidato/a non manifesta a súa oposición, entenderase que consiente a que se manteña o tratamento dos seus datos. O/a candidato/a poderá revogar este consentimento en calquera momento.